

**PROGRAMA DE EMPREGO “MAIV GARANTIA XUVENIL 2023”
CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PARA
1 EXPERTO/A DE INTERPRETACIÓN E EDUCACION AMBIENTAL**

1. PRAZAS CONVOCADA A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONVOCATORIA PÚBLICA:

Coa publicación do presente anuncio iníciase o proceso de selección, a través de convocatoria pública, para a cobertura temporal das seguintes prazas que a continuación se indican (incluídas dentro do persoal directivo e docente para o Programa de emprego para persoas mozas incluídas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil denominado “MAIV GARANTIA XUVENIL 2023”):

1 Experto/a docente de interpretación e educación ambiental

2. CARACTERÍSTICAS E REQUISITOS DA PRAZAS

EXPERTO/A DOCENTE DE INTERPRETACION E EDUCACIÓN AMBIENTAL

Contrato laboral temporal a xornada parcial (16 horas/semanais) durante o período que resta de duración do proxecto (ata o 30 de setembro de 2024).

Requisitos mínimos:

- Titulación universitaria relacionada co certificado de profesionalidade SEAG0109 (Interpretación e educación ambiental).
- Experiencia profesional mínima de 12 meses relacionada coa educación ambiental
- Acreditar competencia docente para impartir certificados de profesionalidade (*Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego - RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo*). Poderán acreditar tamén a competencia docente requirida con:
 - Licenciatura/diplomatura en Pedagogía, Psicopedagogía ou Mestre (ou título de grao/postgrafo neses ámbitos).
 - Título de especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.
 - Experiencia docente dun mínimo de 600 h. en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

Méritos baremables

(ver anexo [II Baremo das bases reguladoras específicas](#)).

3. FUNCIONES A DESENVOLVER

Impartir a formación teórico-práctica no Programa de Emprego dos seguintes módulos:

MF0803_3 Actividades de orientación e desenvolvemento no medio

MF0806_3 Programas de educación ambiental

Coordinar os traballos de obra relacionados cos módulos anteriores, en materia de educación ambiental e deseño de actividades en medio natural.

4. FORMA, LUGAR E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE POR PARTE DAS PERSOAS INTERESADAS

As persoas que desexen participar no proceso, deberán presentar a solicitude de participación no modelo que se incorpora ás bases reguladoras específicas como anexo I, debidamente cuberta e asinada, no prazo de **5 días hábiles** a contar dende a publicación do anuncio de convocatoria na páxina

web da Mancomunidade.

As solicitudes poderan se presentar de calquera das seguintes formas:

a) Presencialmente no Rexistro Xeral da Mancomunidade

b) Nas formas que indica o art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas pola persoa funcionaria de Correos antes de seren certificadas.

Neste caso, deberán comunicar tamén esta circunstancia, mediante correo electrónico (info@maiv.org) no mesmo día da súa presentación (que deberá estar sempre dentro do prazo) co fin de axilizar o citado proceso de selección. Nesta comunicación deberá remitirse o xustificante de envío en tempo e forma. Este trámite é obligatorio e excluínte.

c) Telematicamente, a través do envío en prazo da instancia de solicitude, ao correo electrónico da Mancomunidade de Vigo: info@maiv.org.

Neste caso, a persoa solicitante recibirá confirmación da presentación da súa solicitude e copia rexistrada da mesma no Rexistro Xeral da Mancomunidade, mediante o envío dun correo electrónico ao mesmo enderezo de mail que usou o/a solicitante para a remisión da documentación.

5. LUGAR E DATA ORIENTATIVA DE EXPOSICIÓN DAS LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de recepción de todos/as os/as candidatos/as exporase a relación provisional de persoas candidatas admitidas e excluídas, xunto coa causa de exclusión no taboleiro de anuncios da MAIV e na súa páxina web, no endereço www.maiv.org/institución/ofertas de emprego.

As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a emendar, no prazo de 1 día hábil, a contar dende a publicación da dita relación.

A listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, aprobarase a lista definitiva que se publicará igualmente no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de Vigo e na súa páxina web.

Xunto con esta relación, indicarase o lugar, data e hora na que se convocarán para as probas correspondentes do proceso de selección.

Datas orientativas:

- Prazo de presentación de solicitudes:
Do 9 ao 15 de abril 2024 (ámbolos dous incluídos)
- Data prevista de publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas:
18 de abril de 2024
- Data prevista de alegacións á listaxe provisional:
19 de abril de 2024
- Data prevista de publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas:
20 de abril de 2024

6. BASES REGULADORAS

A presente convocatoria réxese polas **bases reguladoras específicas para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do Programa de Emprego “MAIV Garantía Xuvenil 2023”** subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023,

aprobadas por Resolución de data 31 de agosto de 2023 da Concelleira Delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

As ditas bases están expostas ao público no taboleiro de anuncios da entidade (Hispanidade, nº 17 – Vigo) e na páxina web da Mancomunidade de Vigo, no apartado de “A Institución / ofertas de emprego” no enderezo electrónico http://www.maiv.org/?sec=19&id_oferta=32

7. TELÉFONO PARA CONSULTAS E DÚBIDAS RELACIONADAS CON ESTE PROCESO

Tel. 986 423 366 (de 8.00 a 15.00)